



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de publicidade institucional

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Proxecto de Lei do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de anciáns e enfermos incapacitados para o traballo beneficiarios de axudas periódicas individualizadas e a favor das persoas con minusvalía beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Pratería, Relaxaría e Xemoloxía de Galicia



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada OU-1102 (Xinzo (N-525)-Vilar de Barrio) comprendido entre o PQ 0+000 e 0+180, titularidade de Deputación Provincial de Ourense, a prol do Concello de Xinzo de Limia
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dos seguintes treitos de vías provinciais: estrada provincial 64-08 Acceso ao Porto do Vicedo, do PQ 0+000 ao 0+564. Final (546 m.l.) e Estrada Provincial 64-09 do Vicedo a Area Longa, do PQ 0+000 ao 0+691. Final (691 m.l.), a prol do Concello de Vicedo

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que a Xunta de Galicia, mediante o presente escrito, formula ao Goberno requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, contra a Orde FOM/2388/2008, do 24 de xullo, pola que se publica a convocatoria para o ano 2008 das axudas a programas piloto que promovan a mobilidade sustentable en ámbitos urbanos e metropolitanos

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello das Neves, para a urbanización e adaptación ao plan de baixa IMD da circunvalación das Neves

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello da Coruña, o Consorcio As Mariñas e a Asociación Provincial de Hostalaría da Coruña, para o desenvolvemento dun plan de dinamización do produto turístico na área metropolitana da Coruña



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación Galega de Carpintería de Ribeira, "AGALCARI", para a elaboración dun regulamento de construción naval en madeira
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Oroso, para o proxecto de melloras no aparcadoiro do polígono industrial de Sigüeiro
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda 2008 ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento do programa de infraestruturas de telecomunicacións no ámbito do *Plan Avanza*

CONSELLERÍA DE CULTURA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de San Sadurniño, para realización das obras de consolidación do Castelo de Naraío

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Pobra do Caramiñal, para a realización do proxecto de rexeneración da zona submareal do banco do Areal

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Portas, para a execución da obra: Estación de tratamento de auga potable e Lantaño. Portas (Pontevedra), por importe de trescentos corenta e cinco mil euros (345.000,00 euros)
- Acordo polo que aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de A Rúa, para a execución da obra de Renovación de infraestruturas de abastecemento e saneamento na rúa Circunvalación, rúa Progreso e outras. A Rúa (Ourense), por importe de seiscentos mil euros (600.000,00 euros)



CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha axuda á *Fundación Luís Tilve*, para a elaboración dun traballo de investigación sobre os movementos sociais e obreiros na primeira metade do século XX
- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha axuda á *Fundación para o estudo e divulgación da cuestión social e sindical de Galicia (FESGA)*, para a elaboración dun DVD e un libro sobre a reconversión naval

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial de Riós (Ourense) e do correspondente proxecto de obras públicas
- Acordo polo que se autoriza a declaración do proxecto sectorial da ampliación do parque empresarial do Pousadoiro, na provincia de Pontevedra, como de incidencia supramunicipal

INFORMES

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contestación positiva do Consello de Ministros a dous requirimentos de incompetencia instados pola Xunta de Galicia fronte a sendas resolucións do Instituto da Muller e da Secretaría de Estado de Turismo

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación polo procedemento de emerxencia do expediente de contratación de obras de *Implantación da radioterapia e hemodinámica no Complexo Hospitalario de Ourense*



O PROXECTO DE LEI DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL DE GALICIA, APROBADO HOXE POLO CONSELLO DA XUNTA, AUTORIZA EXCLUSIVAMENTE A PUBLICIDADE QUE PERSIGA OBXECTIVOS DE INTERESE PÚBLICO

- *A norma será de aplicación á actividade publicitaria desenvolvida polas Administracións Públicas ou entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Establece nove principios que rexerán a publicidade institucional: veracidade, transparencia, legalidade, lealdade institucional, neutralidade, interese público, eficiencia, non discriminación e respecto á persoa e á súa actividade*
- *A publicidade institucional deberá diferenciarse perceptiblemente da propaganda realizada polos partidos e organizacións políticas*
- *O proxecto inclúe un decálogo de prohibicións expresas á hora de promover ou contratar publicidade institucional*
- *Prohíbese a publicidade institucional desde a convocatoria de eleccións ata que estas se celebren, a excepción das campañas que atinxen ao propio proceso electoral ou anuncios para salvagardar o interese público ou o correcto desenvolvemento dos servizos*
- *Tampouco se admite a publicidade institucional que teña por finalidade destacar logros de xestión ou os obxectivos acadados polas Administracións Públicas e os seus entes dependentes*
- *A publicidade institucional non pode menoscabar, obstaculizar ou perturbar as actuacións lexítimas de outros poderes públicos, nin inducir á confusión cos símbolos, ideas, expresións, deseños ou imaxes empregadas por formacións políticas ou organizacións sociais*
- *Prohíbese expresamente a publicidade de carácter subliminal ou enganoso e toda aquela que non identifique claramente ao suxeito promotor ou contratante da mesma*
- *As mensaxes publicitarias difundiranse en galego, agás cando o seu ámbito de difusión xustifique o uso doutra lingua*
- *Na contratación publicitaria valorarase preferentemente o prezo, a orixinalidade e creatividade das campañas e a adecuación das súas mensaxes á finalidade perseguida e ao público destinatario*
- *A norma crea a Comisión de Publicidade Institucional con funcións de asesoramento e control sobre anuncios e campañas publicitarias*
- *Na Comisión de Publicidade Institucional haberá representantes dos departamentos da Xunta de Galicia, das entidades do sector público da comunidade autónoma e da Administración Local, ademais de tres expertos procedentes do ámbito académico ou profesional*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de Lei de publicidade institucional de Galicia, unha ferramenta que regula a publicidade institucional, de grande utilidade para promover a imaxe das institucións, as súas actividades ou difundir información de interese público. A lei regula que a publicidade institucional debe xirar, non só sobre a natureza do



emisor da comunicación, senón, sobre todo, ao redor da súa finalidade ou obxectivos. Ata o momento a Comunidade Autónoma de Galicia non dispuña dunha normativa sobre esta modalidade publicitaria.

A norma regula a actividade publicitaria desenvolvida polas administracións públicas galegas e da resposta á demanda de transparencia en todas as ordes da súa actividade. Esta norma xurídica pretende avanzar no uso da publicidade institucional ao servizo das necesidades e intereses dos cidadáns, como un instrumento que sirva adecuadamente aos seus obxectivos, evitando o seu uso incorrecto.

Así, a lei aprobada hoxe polo Consello da Xunta ten por obxecto establecer os principios xerais que deben rexer a difusión e contratación de publicidade institucional por parte das administracións públicas da comunidade e polas entidades do sector público delas dependentes, así como establecer os mecanismos de control que aseguren o seu eficaz cumprimento.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, dispón que a Comunidade Autónoma galega posúe competencia exclusiva en materia de publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos.

Concepto de publicidade institucional

A lei, estruturada en catro capítulos, recolle un concepto de publicidade institucional: toda forma de comunicación, difundida por calquera medio, por unha Administración pública ou por un ente, organismo, fundación ou sociedade dependente daquela, co fin de promover a súa imaxe, as súas actividades ou fomentar valores de interese público.

A lei aplícase á publicidade difundida por conta das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes. Polo contrario, queda excluída do ámbito de aplicación da lei a publicidade normativa e a publicidade daqueles actos da Administración que deban publicarse por mandato legal. Tamén se exclúe a publicidade que, a pesar de ser difundida por algún dos entes incluídos no ámbito subxectivo de aplicación da lei, persegue unha finalidade puramente económica, consistente en promover a contratación de bens ou servizos.

Idioma

A norma, de acordo coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece que as mensaxes publicitarias serán difundidas en galego, agás cando o seu ámbito de difusión ou público destinatario xustifiquen o uso doutra lingua.

Principios que deben rexer a publicidade

O capítulo segundo contén unha enumeración dos principios que deben rexer na publicidade institucional: a veracidade, a transparencia, a legalidade, a lealdade institucional, a neutralidade, interese público, eficiencia, non-discriminación e o respecto á



persoa e á súa actividade. A lei recolle que a publicidade institucional debe ser veraz, sendo ilícita aquela publicidade institucional que induza ou poida inducir a erro aos seus destinatarios. Así mesmo, ao consagrarse o principio de transparencia, prohibese a publicidade encuberta e evítase o engano do cidadán en canto á forma de presentación da mensaxe.

Neste sentido, a publicidade institucional deberá identificarse claramente como tal, deslindándose de maneira perceptible as comunicacións feitas cunha finalidade informativa e as que se realicen como vehículos da publicidade institucional. Así, a norma recolle que debe mencionarse expresamente a Administración ou entidade na que teña a súa orixe a mensaxe publicitaria.

A publicidade institucional debe respectar a legalidade vixente e, de maneira específica, os principios, valores e dereitos que se recollen tanto na Constitución española como no Estatuto de autonomía de Galicia. Dentro do marco dos principios reitores, o principio de lealdade institucional implica a prohibición daquelas campañas de publicidade institucional que menoscaben, obstaculicen ou perturben as actuacións lexítimas desenvolvidas por outros poderes públicos no exercicio das súas competencias, evitando deste xeito a publicidade obstrucionista.

A lei recolle, así mesmo, atendendo ao principio de neutralidade, que a publicidade institucional ten que diferenciarse perceptiblemente da propaganda realizada polos partidos políticos. En efecto, a propaganda política pretende a divulgación de ideas ou programas desa natureza, mentres que a publicidade institucional ten unha finalidade máis neutra de promoción da imaxe da Administración e das súas actividades e o fomento dos valores de interese público.

A norma fixa que a difusión da publicidade institucional perseguirá sempre, e con carácter exclusivo, a consecución de obxectivos de interese público, con exclusión de calquera outra clase de interese. Seguindo o principio de eficiencia, a publicidade institucional deberá executarse mediante unha xestión dos recursos públicos baseada na calidade e na austeridade dos gastos. Ademais, a publicidade regulada por esta lei non poderá conter mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarias aos principios, valores ou dereitos constitucionais.

Por último, aínda dentro do capítulo segundo, a publicidade institucional debe respectar os dereitos da personalidade e velar especialmente pola protección dos dereitos da infancia e da adolescencia, así como absterse de denigrar as persoas físicas ou xurídicas e de perturbar as súas actividades lexítimas económicas ou doutra índole.

Contratación da publicidade

O terceiro capítulo da lei ocúpase da contratación de publicidade institucional. Neste, a lei remite á Lei xeral de publicidade, en relación ás normas para a celebración dos contratos de publicidade, creación publicitaria, difusión publicitaria e patrocinio. Cómpre ter en



conta, a este respecto, a aplicación das normas sobre contratación publicitaria a todos os contratos publicitarios, mesmo cando non versen sobre publicidade económica.

Tal e como recolle a lei, na adxudicación dos contratos de publicidade institucional, deberán respectarse os principios de publicidade, concorrência e non-discriminación, tal e como foron desenvolvidos pola Lei de contratos do sector público. Á marxe disto, a lei fixa os criterios que preferentemente rexerán na adxudicación dos correspondentes contratos. Neste sentido, valoraranse preferentemente o prezo, a orixinalidade e creatividade das campañas publicitarias e a adecuación das súas mensaxes á finalidade perseguida e ao público destinatario da publicidade.

Así mesmo, cando o contrato implique a difusión da publicidade, valorarase preferentemente o prezo, o grao de difusión ou audiencia do medio e a adecuación do seu ámbito territorial de difusión e da súa audiencia ao ámbito de difusión e ao público obxectivo destinatario da publicidade. Valorarase ademais, no caso da publicidade que se vai realizar en Galicia, a súa difusión a través de medios editados en lingua galega.

Prohibicións

Dacordo aos principios enumerados na lei, non se poderá promover ou contratar publicidade institucional: que teña como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos acadados por conta das administracións públicas da Comunidade e polas entidades do sector público delas dependentes; que non obedeza a motivos de interese público; que teña lugar no período comprendido entre o día de publicación da convocatoria de eleccións e o día en que se celebren, a excepción das campañas que atinxan ao propio proceso electoral e aos anuncios imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos; que non se desenvolva no exercicio de competencias propias; que menoscabe, obstaculice ou perturbe as políticas públicas ou calquera actuación lexítima doutro poder público realizada no exercicio das súas competencias; que inclúa mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarias aos principios, valores e dereitos constitucionais; que incite de forma directa ou indirecta á violencia ou a outros comportamentos contrarios ao ordenamento xurídico; que induza á confusión cos símbolos, ideas, expresións, deseños ou imaxes empregadas por calquera organización política ou social; que revista carácter subliminal ou enganoso; e que non se identifique claramente como tal e non inclúa mención expresa do suxeito promotor ou contratante, así como a súa imaxe corporativa institucional.

Creación da Comisión de Publicidade Institucional

A lei conclúe no capítulo cuarto, destinado ao control da publicidade institucional. Para tal efecto, a norma recolle a creación da Comisión de Publicidade Institucional con competencias sobre o control e asesoramento neste tipo de publicidade. O órgano desenvolverá unha relevante función de control e resolverá as reclamacións que poidan presentarse fronte aos anuncios ou campañas de publicidade que vulneren a lei.



A Comisión de Publicidade Institucional estará integrada por representantes das administracións públicas da comunidade e das entidades do sector público das dependentes sometidos ao ámbito de aplicación da lei e por tres persoas expertas independentes e de recoñecido prestixio procedentes do ámbito académico ou profesional.

Entre as funcións que asumirá a comisión está a de emitir informes non vinculantes sobre os proxectos de anuncios ou campañas que lle sexan remitidas, resolver as reclamacións presentadas ou examinar a Memoria Anual de Publicidade Institucional. Poderán, tamén, suspender cautelarmente a publicidade se concorre en indicios evidentes de infracción grave e manifesta dos principios e normas recollidos na Lei.

Memoria Anual de Publicidade Institucional

As administracións públicas da comunidade e as entidades do sector público das dependentes elaborarán, con carácter anual, unha memoria na que consten as campañas de publicidade institucional desenvolvidas, os seus obxectivos e o seu custo total. A memoria será remitida á Comisión de Publicidade Institucional, dentro dos tres primeiros meses de cada ano, para que esta poida emitir recomendacións non vinculantes sobre o seu contido.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI QUE GRAVA OS ENCOROS DE PRODUCCIÓN HIDROELÉCTRICA

- ***O novo imposto contou co informe favorable do Consello Económico e Social e permitirá compensar os efectos negativos dos encoros utilizados para a produción de enerxía hidroeléctrica***
- ***Os ingresos destinaranse a financiar actuacións de prevención e protección dos recursos naturais así como á conservación e reparación do ambiente e en especial do patrimonio fluvial galego afectado.***
- ***O imposto non terá impacto na tarifa eléctrica dos consumidores, nin domésticos nin empresariais***
- ***Non estarán suxeitos ao tributo o abastecemento de poboacións; as actividades agrarias; a acuicultura; as actividades recreativas e a navegación e transporte acuático***
- ***A base impoñible está constituída pola capacidade volumétrica máxima do encoro medida en hectómetros cúbicos, e a cota será modulada en función de factores correctores para aumentala ou diminuíla***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Proxecto de Lei do imposto que grava o dano ambiental causado polos encoros de produción de enerxía hidroeléctrica. A finalidade deste imposto é, por unha banda, o de compensar os efectos negativos a que



se atopa sometido o contorno natural de Galicia pola realización de actividades que afectan o seu patrimonio fluvial natural; e, por outra banda, reparar o dano ambiental causado por estas actividades. Neste sentido, a presente lei pretende mellorar o ambiente cando o dano é producido, creando un tributo que incide na correcta atribución dos custos aos seus xeradores, custos que actualmente son soportados pola colectividade, e coa finalidade de paliar os efectos que se producen.

A Lei, estruturada en tres capítulos e 21 artigos, dota os poderes públicos dun novo instrumento que non afectará a tarifa eléctrica dos consumidores, nin domésticos nin empresariais; e que contribuirá a preservar o patrimonio fluvial de Galicia. Trátase dun imposto propio da Comunidade Autónoma de Galicia e que será de aplicación ás actividades e aproveitamentos de encoros que estean situados en todo ou en parte, no territorio galego. O tributo somete a gravame determinadas actividades que empregan auga encorada e toma como referente os efectos ambientais causados sobre a flora e a fauna das canles dos ríos, sobre a calidade das augas e sobre as ribeiras e o vales asociados ao ecosistema fluvial como consecuencia da realización desas actividades.

Os ingresos que se recaden a través deste tributo destinaranse a financiar aquelas actuacións e medidas encamiñadas á prevención e protección dos recursos naturais, así como á conservación, reparación e restauración do ambiente e á conservación do patrimonio natural fluvial galego afectado, directa ou indirectamente, polos danos ambientais gravados.

Elementos do imposto

O feito imponible do novo tributo está constituído pola realización de actividades industriais mediante o uso ou aproveitamento da auga encorada, cando este altere ou modifique substancialmente os valores naturais dos ríos e o caudal e velocidade da auga na súa canle natural. Entenderase que alteran e modifican substancialmente estes valores naturais as actividades industriais que empreguen augas encoradas mediante presas que cumpran algunhas destas condicións: que a súa altura sexa superior a 15 metros; que a altura estea comprendida entre 10 e 15 metros, sempre que a lonxitude da coroación supere os 500 metros, que teña a capacidade de encorar máis dun millón de metros cúbicos de auga ou que teña unha capacidade de vertedura superior aos 2.000 metros cúbicos por segundo.

Non estarán suxeitos a este tributo o abastecemento de poboacións; as actividades agrarias; a acuicultura; as actividades recreativas e a navegación e transporte acuático. O período impositivo coincidirá co trimestre natural e o devengo producirase o último día do trimestre natural, salvo no caso de extinción da concesión, que coincidirá con esa data.

A base imponible está constituída pola capacidade volumétrica máxima do encoro situado na Comunidade Autónoma de Galicia medida en hectómetros cúbicos. Así, a súa determinación establécese a partir de magnitudes obxectivas directamente relacionadas co impacto ambiental, de xeito que non quedan suxeitas aquelas actividades que provocan unha alteración reducida. O tipo de gravame é de 800 euros trimestrais por



hectómetro cúbico e a cota tributaria final graduarase en atención á alteración ocasionada no medio natural. Así, incrementarase a cota en función do salto bruto, dada a súa vinculación directa co maior efecto ambiental negativo provocado polos desembalses; e diminuírse en función da potencia das instalacións destinadas á xeración de enerxía eléctrica, dado o mellor aproveitamento da auga ante un mesmo impacto ambiental negativo.



APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE O COMPLEMENTO AUTONÓMICO PARA AS PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS

- ***Máis de 50.000 galegos e galegas percibirán a finais de ano esta paga única que complementará as súas pensións***
- ***Será unha paga única de 200 euros, que suporá un incremento do 4,3% para estas pensións***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula o complemento autonómico para as pensións non contributivas, do que se beneficiarán este ano máis de 50.000 galegos e galegas. Trátase dunha norma que establece as axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade de non contributiva, a favor de persoas anciás e enfermas incapacitadas para o traballo e beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e a favor das persoas con minusvalidez beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

O presente decreto ten por obxecto o establecemento de axudas sociais extraordinarias a favor dos beneficiarios e beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade de non contributiva, do fondo nacional de asistencia social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).

Coa finalidade de mellorar a renda destas persoas, desde o Goberno galego considerouse oportuno o establecemento deste complemento autonómico, de carácter extraordinario e anual. Estas axudas serán distintas das do Sistema da Seguridade Social e das que poida outorgar a Administración xeral do Estado e serán compatibles con elas.

Contía axudas

Beneficiaranse deste complemento autonómico os perceptores de pensións non contributivas, do subsidio de garantía de ingresos mínimos da Lei de integración social dos minusválidos (LISMI) e do fondo nacional de asistencia social (FAS). En total, son máis de 50.000 persoas as que se verán beneficiadas desta medida, das cales a maior parte corresponden a perceptores de pensións non contributivas.

O complemento autonómico consistirá nunha paga única de 200 euros. No caso das pensións non contributivas, que ata o de agora perciben un máximo de 328 euros ao mes, esta paga adicional de 200 euros suporalles un incremento do 4,3% nas súas pensións. Para dotar economicamente este complemento, destínase un orzamento de 10 millóns de euros no actual exercicio orzamentario.

Cómpre salientar a importancia dunha medida como esta en Galicia, onde unhas 50.000 persoas perciben unha pensión non contributiva de invalidez ou xubilación. De feito, Galicia é a terceira Comunidade do Estado con maior número de perceptores destas prestacións, só por detrás de Andalucía e de Cataluña. Por provincias, A Coruña é a provincia con máis beneficiarios (21.010 persoas), seguida de Pontevedra (16.900), Ourense (7.340) e Lugo (con 5.915 perceptores).





A XUNTA ADAPTA O FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS UNIVERSITARIAS DE ENFERMARÍA, DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

- ***As escolas universitarias de enfermaría da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo están adscritas, por convenio, ás universidades galegas***
- ***O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta ten por obxecto mellorar a calidade da información impartida aos futuros profesionais do sistema sanitario e incrementar a eficacia e a eficiencia do seu funcionamento***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se regula a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade. Estas escolas, que se adaptan así aos requisitos do Espazo Europeo de Educación Superior, son as da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, adscritas por convenio ás universidades de Galicia.

O decreto, froito da proposta das consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria, supón un avance pioneiro na organización destas escolas e unha garantía de transparencia no seu funcionamento de cara á cidadanía.

O texto aborda os aspectos organizativos destes centros na procura dunha mellor calidade na formación impartida aos futuros profesionais do sistema sanitario e tamén da maior eficacia e eficiencia no seu funcionamento.

Deste xeito, as escolas universitarias de Enfermería dependentes da Consellería de Sanidade responderán ás exixencias de ordenación que establece o obxectivo de integración no Espazo Europeo de Educación Superior e orientaranse ás previsibles necesidades que suporá a implantación dos títulos de grao.

As escolas universitarias de enfermaría da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo dependen da Consellería de Sanidade, á cal lle corresponden todos os aspectos xerenciais e técnicos delas. Estas escolas disporán de seis meses para facer a adaptación a este decreto.

Así mesmo, son centros docentes adscritos ás universidades respectivas do Sistema Universitario de Galicia, cuxos estatutos cumpren nos artigos que lles son de aplicación. Así, a Escola da Coruña está adscrita á Universidade da Coruña, a Escola de Lugo á Universidade de Santiago de Compostela, e as escolas de Ourense e Vigo están adscritas á Universidade de Vigo.

Correspóndenlle á universidade de adscrición de cada escola universitaria de enfermaría as competencias recollidas na normativa vixente, tanto a nivel estatal como autonómico, e nos respectivos estatutos e normas de desenvolvemento relativas aos centros adscritos.

Natureza, fins e órganos de goberno



En virtude do decreto aprobado hoxe, no que se determina a natureza destes centros, as escolas universitarias de enfermaría defínense como centros docentes de formación universitaria, nos cales se cursa a titulación de grao de enfermaría, máster e doutoramento de acordo coa normativa vixente, aqueloutras titulacións que no futuro se determinen.

Os fins destas Escolas, segundo recolle o decreto, son a formación de profesionais de enfermaría de acordo coas necesidades socioeconómicas e sanitarias do Estado español; a promoción da investigación en enfermaría; a contribución na mellora da asistencia sanitaria mediante a organización e a participación en actividades de formación, e a axuda ao perfeccionamento científico, técnico e humanístico dos profesionais deste campo.

O texto tamén determina a composición dos órganos de goberno destes centros e diferenza entre órganos colexiados e órganos unipersoais. Así, dentro do primeiro grupo están o Padroado -máximo órgano de goberno cuxa composición será designada polo Consellería de Sanidade- e a Xunta de Escola.

Os órganos unipersoais corresponden ás figuras do presidente do Padroado, o director, o secretario académico e un subdirector, de considerarse necesario o seu nomeamento.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA

- ***Velará pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión na Comunidade Autónoma***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que recolle os estatutos do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia. Os seus fins esenciais son velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión; lograr a mellora constante do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a súa formación e perfeccionamento; cooperar coa mellora dos estudos conducentes á obtención de títulos habilitantes para o exercicio da profesión; e colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas funcións.

Ademais, entre os seus fins particulares se inclúen amparar e defender os dereitos e o prestixio profesional e social dos colexiados; perfeccionar os aspectos técnicos e científicos da profesión; promover mecanismos ou institucións de protección social dos colexiados xubilados, enfermos, inválidos, viúvos e orfos de colexiados; regular e impoñer as condicións de prestación de servizos; e fomentar os actos de carácter cultural e científico.

Para o cumprimento dos seus fins, o Colexio exercerá no seu ámbito a representación e defensa da profesión; ordenará no marco da súa competencia a actividade dos colexiados velando pola súa ética e dignidade profesional; exercerá as accións legais e adoptará as medidas necesarias para evitar o intrusismo profesional e a competencia desleal; establecerá os baremos de honorarios con carácter orientativo; organizará actividades dirixidas á formación e ao perfeccionamento profesional dos seus colexiados; intervirá como mediador nos conflitos profesionais que xurdan e nos que estean involucrados colexiados, se así o solicitan; emitirán os informes técnicos que lle sexan sometidos por entidades ou institución públicas ou privadas; e garantirá a prestación da función polos profesionais colexiados.

Colexiación

De acordo co establecido nos estatutos, os requisitos para ingresar no Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia son estar en posesión do título de protésico dental ou da habilitación profesional correspondente, ser maior de idade, non incorrer en causa de incompatibilidade legal para o exercicio da profesión e satisfacer as cotas de ingresos. Así mesmo, haberá que cumprir unha serie de trámites documentais.

Será indispensable para exercer a profesión de protésico dental na comunidade autónoma a incorporación ao Colexio cando o domicilio profesional –único ou principal– estea en Galicia. Do mesmo xeito, poderán exercer na comunidade os profesionais colexiados noutro ámbito territorial no que teñan establecido o seu domicilio profesional, ben que neste caso deberán comunicar a súa actuación ao Colexio galego.



A condición de colexiado perderase por defunción, incapacidade legal, expulsión -como consecuencia dunha sanción disciplinaria- e baixa, forzosa ou voluntaria. Entre os membros do Colexio distinguiranse:

- **Membros de honra:** persoas ou entidades que dalgunha maneira teñan contribuído ao perfeccionamento ou desenvolvemento do Colexio ou da profesión en Galicia, e que non deberán estar colexiados necesariamente.
- **Membros eméritos:** persoas que cesen no exercicio da profesión e que leven colexiadas un mínimo de cinco anos. Non aboarán cota e non terán dereito a voto.
- **Membros fundadores:** todos aqueles que interviñeron na fundación do Colexio.
- **Membros numerarios ou de pleno dereito:** todos aqueles protésicos dentais en exercicio que cumpran os requisitos de colexiación, acepten os estatutos e non incorran en ningún suposto de perda da condición de colexiado.
- **Membros non exercentes:** as persoas que cumpran todos os requisitos, soliciten a súa incorporación ao Colexio e acepten os estatutos, pero non exerzan a profesión.

Dereitos e deberes dos colexiados

Finalmente, o decreto recolle o catálogo de dereitos e deberes dos colexiados, así como os seus órganos de goberno, que se concretan na Asemblea Xeral, o Pleno da Xunta de Goberno e o Presidente.



O CONSELLO APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE XOIARÍA, OURIVARÍA, PRATARÍA, RELOXARÍA E XEMOLOXÍA DE GALICIA

- ***Entre os seus fins están o fomento da formación e reciclaxe dos seus afiliados e o impedimento do intrusismo e a competencia desleal entre os colexiados***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, mediante decreto, os estatutos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia, que entrarán en vigor aos vinte días da súa publicación no DOG. Este Colexio é, segundo o texto, unha corporación de dereito público amparada pola Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar para o cumprimento dos seus fins. Exercerá as súas competencias no ámbito territorial de Galicia e a súa lingua propia será o galego, en cooficialidade co castelán.

Os fins esenciais do Colexio son a ordenación e a vixilancia do exercicio das profesións de xoieiro, ourive, reloxeiro e xemólogo; a representación corporativa destas; a representación e defensa dos intereses dos seus colexiados; o seu asesoramento legal; o control deontolóxico; a mediación nos conflitos laborais dos colexiados; o cumprimento da lexislación que afecte a profesión; o fomento da formación e reciclaxe dos seus afiliados; o impedimento do intrusismo e a competencia desleal entre os colexiados.

Así mesmo, o Colexio organizará actividades e servizos de carácter profesional, servizos de asesoría legal, laboral, fiscal, cultural, asistencial, formativo, de previsión ou análogos que sexan de interese para os seus colexiados. Tamén redactará e aprobará os regulamentos de orde interna que garantan a boa marcha da entidade, aprobará os seus orzamentos e garantirá unha organización colexial eficaz e democrática, garantindo un mellor exercicio e defensa da profesión no ámbito galego.

Colexiación

O Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia agrupa os profesionais destas ramas que teñan a titulación de diplomados en xemoloxía, de técnicos superiores en xoiaría artística ou en ourivaría e prataría artística ou de técnicos de grao medio de reparador e de mantedor de aparellos de medida e de control. Ademais, abrangue os profesionais habilitados para o exercicio das funcións de xoieiro, ourive, prateiro, reloxeiro e xemólogo; e os profesionais non exercentes poderán tamén ingresar con carácter voluntario.

O decreto sinala que é requisito indispensable para o exercicio da profesión en Galicia, en calquera das súas modalidades e ramas sectoriais, estar incorporado ao Colexio. Non entanto, os titulados vinculados coa Administración pública mediante a relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisan estar colexiados para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da profesión por conta da Administración á cal pertencen cando o destinatario inmediato delas sexa ela mesma. A colexiación si será obrigatoria para o exercicio da actividade privada.



Os requisitos existentes para incorporarse ao Colexio son: ser maior de idade; estar en posesión do título correspondente; satisfacer a cota de ingreso fixada e inscribirse nas seccións que corresponda ás súas modalidades ou ramas de exercicio da profesión.

Doutra banda, os profesionais doutros Estados membros da Unión Europea que, estando en posesión dos títulos profesionais análogos aos requiridos, queiran exercer a súa actividade profesional en Galicia, deben darse de alta previamente como colexiados exercentes. Para a incorporación ao Colexio dos profesionais non comunitarios será necesario que estes adquiran a residencia legal no Estado español e cumpran os requisitos exixidos pola lexislación estatal vixente.

Dereitos e deberes dos colexiados

Finalmente, o decreto recolle o catálogo de dereitos e deberes dos colexiados, así como os seus órganos de goberno, que se concretan na Asemblea Xeral, o Pleno da Xunta de Goberno e o Presidente.



A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA DE TREITOS DE DÚAS ESTRADAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL AOS CONCELLOS DO VICEDO E DE XINZO DE LIMIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos sobre o cambio de titularidade a favor dos concellos do Vicedo (Lugo) e de Xinzo de Limia (Ourense), de determinados tramos de estradas que pertencían ás redes provinciais da Deputación de Lugo e da Deputación de Ourense, respectivamente.

A Lei de estradas de Galicia establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas, e que a proposta deberá ser aprobada polo Consello da Xunta logo do acordo entre as administracións afectadas.

O Vicedo

Con base nesta normativa, apróbase agora o cambio de titularidade a favor do Concello do Vicedo de dous treitos de dúas estradas provinciais que, segundo o informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, se estima que reúnen as condicións exixidas para ser obxecto de transferencia, xa que posúen características netamente urbanas. Trátase de case 600 metros da vía de acceso ao porto do Vicedo (estrada provincial 64-08) e de 700 metros pertencentes á estrada que une O Vicedo e Area Longa (Estrada provincial 64.09).

Xinzo de Limia

En Xinzo de Limia autorízase a transferencia a favor do concello dun treito de 180 metros da estrada provincial Xinzo-Vilar de Barrio (OU 1102) ata o de agora pertencente á Deputación de Ourense. Ao igual que no Vicedo, a Dirección Xeral de Obras Públicas emitiu informe favorable do cambio de titularidade, xa que se trata dunha zona que adquiriu carácter urbano.

En ambos os casos a entrega formal dos mencionados treitos efectuarase no prazo de dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* dos decretos aprobados hoxe. A partir de aí serán os concellos –como novos titulares– os encargados da xestión, mantemento, conservación e explotación das vías obxecto de transferencia.



A XUNTA FORMULA UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA CONTRA A ORDE DO GOBERNO CENTRAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS A PROGRAMAS PILOTO QUE PROMOVAN A MOBILIDADE SUSTENTABLE EN ÁMBITOS URBANOS E METROPOLITANOS

- ***O Goberno galego entende que vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de transporte urbano e metropolitano***
- ***O Goberno central dálle a razón ao Executivo galego nos requirimentos de incompetencia presentados fronte a sendas resolucións do Instituto da Muller e da Secretaría de Turismo***

O Consello da Xunta, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordou esta mañá formular ao Goberno central un requirimento de incompetencia contra a Orde FOM/2388/2008, de 24 de xullo, pola que se publica a convocatoria, para o ano 2008, das axudas a programas piloto que promovan a mobilidade sustentable en ámbitos urbanos e metropolitanos.

O Goberno galego entende que a orde mencionada vulnera a repartición competencial establecida pola Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, ao residenciar completamente no Estado un proceso de subvencións en relación cunha materia, o transporte urbano e metropolitano, que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, segundo se establece no artigo 27.8 do Estatuto galego.

A orde aprobada polo Estado regula non só as condicións e procedemento de concesión das subvencións, senón que tamén atribúe ao propio Ministerio a totalidade das funcións de execución administrativa como son a xestión, concesión e pagamento das axudas. Neste senso, o Goberno galego considera que o Estado non dispón dun poder subvencional desvinculado do poder competencial, de xeito que o poder de gasto non pode ser autónomo da competencia á que se refire.

Ao entender da Xunta, a materia de fondo afectada é a de transportes, estando o deslinde competencial recollido nos artigos 149.1.21 da Constitución e no 27.8 do Estatuto de Autonomía, aos que se deben engadir as facultades asumidas polas Comunidades Autónomas tras a Lei Orgánica 5/1987, de 30 de xullo, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relacións cos transportes por estrada e por cabo. Aínda máis, o Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, enmarca neste departamento as competencias de promoción da investigación sobre o transporte, loxística e mobilidade, así como o estudo e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade.

No caso obxecto do requirimento, fálase de transporte urbano e metropolitano, polo que é un tipo de transporte de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma. Tendo en conta isto, a devandita Orde de convocatoria é, como entende o Goberno galego, inconstitucional, posto que o Estado non pode ditar nin esa Orde, nin as bases reguladoras.



Aínda que dende Galicia se entende que a Orde fai referencia á materia de transporte, subsidiariamente tamén se mostra que existiría inconstitucionalidade na Orde de axudas para o caso de que se pretenderan situar as devanditas axudas na materia de medio ambiente ou no réxime enerxético, casos nos que tamén se produciría unha invasión competencial.

Tendo en conta estas consideracións, a Xunta de Galicia acordou realizar o requirimento de incompetencia ao Goberno para que se recoñeza que a competencia corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do artigo 27.8 do Estatuto, debendo limitarse o Estado a determinar xenericamente ás partidas orzamentarias os fondos que deben integrarse como un recurso que nutre a Facenda autonómica, consignándose como transferencias correntes ou de capital ás comunidades autónomas. Polo tanto, o Estado debe proceder unicamente á distribución territorial entre as Comunidades Autónomas da correspondente consignación orzamentaria, transferindo as contías resultantes de dita distribución para que sexan as autonomías as que acometan a configuración e xestión descentralizada das mesmas. En virtude do exposto no requirimento hoxe aprobado, agárdase que o Estado proceda á anulación ou derogación da Orde FOM/2388/2008, de 24 de xullo, que convoca as axudas para 2008 de programas piloto que promovan a mobilidade sustentable en ámbitos urbanos e metropolitanos.

Contestación positiva

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá un informe da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar polo que dá conta da contestación positiva do Consello de Ministros a dous requirimentos de incompetencia instados pola Xunta de Galicia fronte a senllas resolucións do Instituto da Muller e da Secretaría de Estado de Turismo.

Trátase de requirimentos presentados fronte á Resolución do Instituto da Muller pola que se convocan para 2008 as subvencións ao emprego “emprender en feminino” para fomentar a inserción laboral por conta das propias mulleres e da Resolución da Secretaría de Estado de Turismo pola que se convocan axudas, correspondentes ao exercicio 2008, para impulsar os procesos de planificación estratéxica, xestión e promoción de destinos turísticos.

Nas respostas aos requirimentos presentados, O Goberno central recoñece que “as resolucións non se axustan plenamente ao marco competencial descrito” e, por iso, se compromete a cumprir ese marco a partir do exercicio de 2009, para así evitar prexuízos a potenciais beneficiarios da convocatoria do presente ano. Deste xeito, dende o Goberno galego admítase a resposta do Estado, que non require formalidade ningunha nin convocatoria da Comisión Bilateral.

A contestación do Goberno central supón unha reafirmación da postura e da actitude mantida pola Xunta de Galicia na defensa do ámbito competencial das institucións de Galicia de acordo coa normativa vixente. De feito, o Goberno recoñece que para exercicios futuros ou ben repartiranse os fondos entre as Comunidades Autónomas, segundo criterios



obxectivos, ou ben estableceranse convenios con estas axustados aos principios constitucionais.

Precedentes

Ademais dos anteditos, o Executivo galego mantén abertos requirimentos sobre outras dúas liñas de subvencións estatais. Trátase da orde TAS/1051/2007, do 18 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado social con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, polo que se presentou un conflito de competencias ante o Tribunal Constitucional que foi admitido a trámite en setembro de 2007; e da Orde TAS/421/08, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións pola Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Minusvalidez, polo que o Consello da Xunta decidiu acudir tamén ao TC.

Os requirimentos de incompetencia son un mecanismo previsto na lei para que o Estado e as Comunidades Autónomas poidan resolver conflitos competenciais. De non se resolver por esta vía, a lei prevé a interposición por parte da administración requirente dun conflito de competencias perante o Tribunal Constitucional.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ DOUS MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA E URBANIZACIÓN DA ESTRADA PO-415 AO SEU PASO POLAS NEVES

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de dous millóns de euros (incluído un máximo de 140.000 euros para o proceso expropiatorio) nun proxecto de mellora e urbanización da estrada PO-415 ao seu paso polo núcleo das Neves, en Pontevedra.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello das Neves para levar a cabo as obras de reforma dos tres primeiros quilómetros desta infraestrutura co obxecto de mellorar os seus niveis de seguridade viaria tanto para os condutores como para os peóns. Así mesmo, entre os puntos quilométricos 3,000 e 3,720 urbanizarase a marxe esquerda da estrada de acordo co proxecto que deberá elaborar o Concello.

A Consellería de Política Territorial financiará a totalidade dos traballos que se van realizar, redactará o proxecto técnico necesario para as obras de mellora integral da estrada, realizará as expropiacións e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello das Neves, ademais de redactar o proxecto de urbanización para o treito específico antes mencionado, deberá poñer á disposición os terreos necesarios e tramitar os permisos e licencias pertinentes. Unha vez realizadas as obras, o treito da estrada obxecto de reforma será transferida ao Concello, que asumirá a súa explotación e mantemento.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO NA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA

- ***A achega da Consellería de Innovación e Industria para o plan ascende a 1.330.000 euros en tres anos***

A Área Metropolitana da Coruña contará antes de finais de ano cun Plan de dinamización do seu produto turístico, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a sinatura do convenio para a súa posta en marcha.

A dotación orzamentaria do plan ascende a 3.990.000 euros que serán executados en tres anualidades e achegados en tres partes iguais pola Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Concello da Coruña e o Consorcio das Mariñas. A achega da Consellería de Innovación e Industria divídese en tres anualidades: en 2008 achegaranse 230.000 euros; en 2009, 700.000 euros e en 2010 serán 400.000 euros os achegados.

Os concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada beneficiaranse deste plan de desenvolvemento do produto turístico que ten por obxectivo mellorar a calidade turística da Área Metropolitana da Coruña. Estas actuacións implican un esforzo empresarial de mellora e modernización das instalacións e diversificación e aumento na prestación de servizos.

Entre os obxectivos do plan están o incremento da calidade dos servizos turísticos do destino; a mellora do medio urbano e natural dos municipios; a ampliación e mellora dos espazos de uso público; o aumento, diversificación e mellora da oferta complementaria e a posta en valor de recursos turísticos.

Así mesmo, prevese a creación de novos produtos e a sensibilización e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade. Entre as accións incluídas dentro do plan que se acometerán nesta primeira anualidade figuran a campaña de comunicación e imaxe *Torre de Hércules: Patrimonio da Humanidade*; a creación da Fraga do Século XIX; a creación e dotación dunha oficina de turismo; ou a instalación e mellora dos servizos e mobiliario nas praias de Oleiros e Sada.

As accións do plan de dinamización afectan tamén aspectos como as rutas de sendeirismo, as xornadas técnicas sobre turismo ou o establecemento e creación de rutas turísticas na zona.



A XUNTA COLABORARÁ COS CARPINTEIROS DE RIBEIRA PARA ELABORAR UN REGULAMENTO DE CONSTRUCCIÓN NAVAL EN MADEIRA

- ***A Consellería de Innovación e Industria achegará 161.480 euros para a posta en valor da carpintaría de Ribeira dándolle unha orientación produtiva e comercial e salientando as súas potencialidades ecolóxicas e culturais***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación Galega de Carpintaría de Ribeira para a elaboración dun regulamento de construción naval en madeira que inclúa os materiais desde a súa orixe, así como a homologación das novas técnicas de construción naval en madeira. Trátase de pór en valor esta actividade dándolle pleno sentido produtivo e comercial e destacando as súas potencialidades ecolóxicas e culturais. A Consellería de Innovación e Industria achegará, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, un total de 161.480 euros en dúas anualidades para esta actuación, que se desenvolverá en dúas fases.

Durante este ano 2008 realizarase unha análise do estado da arte da investigación proposta, que incluírá o estudo dos regulamentos e normativas existentes para a construción naval en madeira, dos materiais e técnicas empregadas aprobadas e non aprobadas nas normativas vixentes, e a selección e análise dos novos materiais e técnicas que deban terse en consideración. Xa en 2009, o proxecto contempla a elaboración dun manual da construción naval en madeira que abranguerá o desenvolvemento dos procedementos de deseño e cálculo dos materiais e técnicas con requisitos estruturais, a validación da incorporación dos novos materiais e técnicas nas regulamentacións e normativas actuais así como a elaboración dun manual cos estes novos materiais e técnicas.

Segundo se constata no convenio que asinarán a Consellería e a Asociación Galega de Carpintaría de Ribeira, á cal pertencen todos os talleres e estaleiros dedicados a esta arte e única das súas características no noso país, a construción de embarcacións de madeira en Galicia é unha actividade artesanal dun alto valor ecolóxico que debería manterse non só como parte do patrimonio marítimo e cultural, senón tamén coma unha actividade produtiva e comercial con excelentes perspectivas futuras.

Na actualidade, a falta dun regulamento específico para esta actividade supón un claro freo para ela, xa que as distintas regulamentacións se centran no aceiro e no poliéster, obviando a madeira, de aí a necesidade de elaborar este regulamento que establece a aplicación das novas tecnoloxías no sector e sirva de referente na elaboración dos proxectos de construción naval en madeira, establecendo, ademais, como obxectivo a curto prazo, a posibilidade de creación dun selo de calidade e denominación de orixe desta actividade.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA 182.708,68 EUROS PARA A MELLORA DO APARCADOIRO DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SIGÜEIRO

- ***A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio co concello de Oroso para sufragar o 75% do custo da obra***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Oroso para a realización do proxecto de melloras no aparcadoiro do polígono industrial de Sigüeiro. O departamento de Innovación achegará ao proxecto un total de 182.708,68 euros, o 75% do custo da obra.

En concreto, o proxecto recolle o acondicionamento dunha parcela destinada a aparcamento dentro do ámbito do propio polígono empresarial, dado que se reduciu a capacidade de aparcamento no polígono como consecuencia da progresiva implantación de empresas e do alto movemento de vehículos no polígono, especialmente camións. A obra consistirá no acondicionamento do aparcadoiro con saburra artificial, mestura asfáltica e rega de imprimación así como a habilitación do foxo de saneamento.



O GOBERNO GALEGO E O MINISTERIO DE INDUSTRIA INVESTIRÁN CASE 100 MILLÓNS DE EUROS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS NO ÁMBITO DO PLAN AVANZA

- ***O convenio autorizado hoxe permitirá sufragar o despregue dunha rede de acceso a internet de banda larga en Galicia por importe de case 94 millóns de euros***
- ***Destinaranse case 5 millóns de euros ao despregamento da TDT en Galicia***
- ***O despregue de redes de telecomunicación sen fíos de acceso a internet de banda larga en polígonos industriais e parques empresariais galegos contará con 1 millón de euros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Programa de Infraestruturas de Telecomunicacións no ámbito do Plan Avanza. Ao abeiro deste convenio, financiaranse actuacións por importe de 99.980.000 euros, dos que o Ministerio de Industria achegará 98.980.000 euros vía empréstimo a tipo de xuro do cero por cento. A Comunidade Autónoma devolverá o importe do empréstimo nun prazo máximo de 15 anos.

O 16 de xuño de 2006 asinouse entre o Ministerio de Industria e a Consellería de Innovación e Industria un convenio marco de colaboración para o desenvolvemento do Plan Avanza cuxo obxectivo é realizar actividades para a implantación da sociedade da información ao longo do período 2006-2010.

O Programa de Infraestruturas de Telecomunicacións enmarcado no Plan Avanza oriéntase a garantir a existencia dunha infraestrutura de banda larga que actúe como catalizador imprescindible para o desenvolvemento da sociedade da información. Nesta liña, as actuacións acollidas ao convenio de colaboración entre ambas as administracións deben dirixirse á extensión da cobertura da televisión dixital terrestre e a redes de telecomunicacións.

Ao abeiro do convenio hoxe aprobado financiaranse tres actuacións. A primeira delas é o despregue dunha rede de acceso a internet de banda larga (Proxecto Banda Larga Galicia) para a implantación de servizos avanzados de telecomunicacións no territorio galego co fin de dotalo dunha infraestrutura de comunicacións axeitada para acceder a servizos de datos e voz.

A posta en marcha deste proxecto, sufragado cunha achega de 93.890.000 euros, permitirá a dinamización social e económica de Galicia, fixando como as súas finalidades:

- Fomentar a sociedade da información en Galicia



- Achegar aos colectivos o uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións, co obxectivo do desenvolvemento socioeconómico de Galicia e o fomento do emprego en novas actividades económicas
- Posibilitar o acceso a internet de banda larga de calidade en zonas sen previsión de acceso a estas tecnoloxías, con previsión tardía ou con baixa penetración
- Ofertar o servizo de telefonía naquelas zonas onde se realiza o despregamento
- Que as infraestruturas permitan ofertar servizos de banda larga adecuados ás empresas, de modo que ofrezan unhas prestacións axeitadas para a provisión de servizos (comercio electrónico, facturación electrónica...)

A segunda actuación enmarcada no convenio fai referencia ao despregamento da TDT en Galicia. O acordo prevé unha partida de 5 millóns de euros que van destinados a financiar:

- A mellora e ampliación de infraestruturas da rede existentes
- O equipamento de recepción satélite e difusión
- A instrumentación e sistemas de telesupervisión e apoio á explotación
- A enxeñaría de despregamento e elaboración de documentación

Finalmente, a terceira actuación consiste no despregamento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso a internet de banda larga en polígonos industriais e parques empresariais de Galicia, para o que se dispón unha ahega de 1 millón de euros.



A XUNTA INICIARÁ ESTE ANO A SEGUNDA FASE DA CONSOLIDACIÓN DO CASTELO DE NARAÍO, EN SAN SADURNIÑO

- ***O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e o Concello para desenvolver esta actuación entre 2008 e 2009***
- ***O investimento é de 303.000 euros, dos que o Goberno galego achega o 25% e o Ministerio de Fomento o 75% restante en virtude do 1% cultural***

O Goberno galego afrontará unha nova fase do proceso de restauración do castelo de Naraío. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e o Concello de San Sadurniño, para investir 303.000 euros na limpeza e consolidación do castelo.

A actuación que se vai emprender consiste na consolidación da fortaleza e na posta en marcha dos traballos de limpeza, restauración e consolidación dos muros do castelo. Con este novo convenio procederase a recoller as pezas do muro defensivo que se atopan dispersas polo terreo que garda a fortaleza, así como no próximo río Castro, para repoñelas e estabilizalas dentro dos muros perimetrais aos que pertenceron.

A intervención nesta fortaleza, propiedade do concello, está dirixida pola Dirección Xeral de Patrimonio. Ten asignado un orzamento de 303.276 euros do que o Ministerio achega o 75% (227.457 euros) e a Consellería o 25% restante (75.819 euros). O 25% do investimento realizarase no ano 2008 e o outro 75% en 2009. As obras supoñen a continuación das que xa realizou a Consellería de Cultura en 2007, e que se centraron na recuperación da base das murallas e do foxo.

O de Naraío é un castelo medieval datado no século XII e vinculado á casa dos Andrade. Atópase nun promontorio nas inmediacións do río Castro. A planta ten forma de polígono dunha ducia de lados e con visibles desniveis. No patio de armas érguese exenta a torre da homenaxe, de planta cadrada, dez metros de largo e dezaseis de alto. Tamén se conservan parte da torre grande de homenaxe, outras torres, un arco de medio punto debaixo dun borroso escudo e, entre arco e arco, pasadizos abovedados de moito interese. Está declarado ben de interese cultural.



A XUNTA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DA POBRA DO CARAMIÑAL COLABORARÁN NA REXENERACIÓN DO BANCO MARISQUEIRO DO AREAL

▪ ***O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Pesca e o devandito pósito para levar a cabo esta actuación que suporá a realización de traballos de limpeza, arado e sementeira***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Pobra do Caramiñal para a execución do proxecto de rexeneración da zona submareal do banco do Areal. O obxectivo desta actuación é mellorar as condicións do substrato para facilitar a fixación natural e o axeitado desenvolvemento do ciclo biolóxico da ameixa, así como incidir sobre a densidade de poboación deste recurso para facilitar a súa recuperación, coa finalidade última de mellorar a capacidade produtiva do banco.

A subscrición do protocolo obedece ao feito de que, por diversos factores, O Areal está nuns niveis de produción baixos e esta zona, explotada polos mariscadores da Pobra en réxime de autorización administrativa, ocupa unha posición estratéxica no conxunto das áreas de marisqueo desde embarcación dos profesionais do mar pobrenses. Por esta razón, considérase necesario acometer accións que garantan a súa recuperación a curto e medio prazo.

Segundo o convenio que asinarán Pesca e a confraría e que estará vixente ata o 30 de novembro, as actividades a levar a cabo, nunha área de aproximadamente 189.288 metros cadrados, son basicamente limpeza superficial do substrato, arado e sementeira de ameixa. Estas tarefas serán realizadas coa participación activa das embarcacións titulares de permiso de explotación para marisqueo a flote asociadas ao pósito da Pobra, xa que polas condicións da zona é necesario que sexan realizadas por estes profesionais para asegurar a axeitada intervención sobre os recursos.

Polo tanto, serán tarefas para desenvolver pola confraría, ademais da achega de medios propios e embarcacións para a rexeneración, programar e distribuír os traballos entre os mariscadores e controlar a súa realización, así como facer un seguimento conxunto coa consellería das actividades. Pola súa banda, Pesca adquire, entre outros, o compromiso de destinar ao redor de 200.000 euros, susceptibles de ser cofinanciados con fondos europeos, para esta iniciativa.

Ademais, constituirase unha comisión de seguimento con representantes designados polos órganos reitores da consellería e do pósito, que será a encargada de resolver as dúbidas que xurdan na interpretación do convenio e de solucionar as posibles discrepancias que se presenten na súa execución.

A XUNTA DESTINA 345.000 EUROS Á DOTACIÓN DUNHA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DE LANTAÑO, NO CONCELLO DE PORTAS (PONTEVEDRA)



- ***As obras, que teñen un prazo de execución de seis meses, inclúen, ademais da construción da ETAP, a instalación dun depósito de 50 m³ de auga e de rede eléctrica para o funcionamento do sistema***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Portas (Pontevedra) para a construción dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP) en Lantaño, na que a Xunta inviste 345.000 euros. Esta actuación é unha das previstas no Plan hidrolóxico de Galicia.

A consellería destinará neste exercicio 34.500 euros para a execución da ETAP de Portas, mentres que a maior parte do orzamento, 310.500 euros, investirase en 2009, con cargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, dependente de Medio Ambiente. Os traballos teñen un prazo de execución de seis meses.

As actuacións previstas recollen a construción dunha estación de tratamento de auga potable con capacidade para abastecer 6.480 habitantes equivalentes e un caudal de 15 litros por segundo, ampliable a 30 l/s. Ademais, instalarase un depósito de 50 m³ de auga nas inmediacións do actual, preto do núcleo de Lantaño, así como a rede eléctrica necesaria para o funcionamento do sistema. Está prevista tamén a reposición do pavimento e dos servizos que puidesen verse afectados pola execución das obras.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 600.000 EUROS Á RENOVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONCELLO OURENSÁN DA RÚA

- ***O proxecto prevé a renovación do colector xeral de saneamento, con novos ramais á estación depuradora de augas residuais, e a mellora das redes de saneamento e abastecemento en varias rúas do núcleo urbano***
- ***As obras serán financiadas na súa totalidade pola consellería e teñen un prazo de execución de oito meses***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destina 600.000 euros á renovación de infraestruturas de saneamento e abastecemento no concello ourensán da Rúa. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Administración autonómica e a local para a execución desta actuación.

O proxecto prevé a renovación do colector xeral de saneamento, con novos ramais á estación depuradora de augas residuais (EDAR), así como a mellora das redes de saneamento e abastecemento en varias rúas do núcleo urbano do municipio. Deste xeito emendarse as deficiencias existentes, xa que na actualidade a rede de abastecemento é de fibrocemento de pequeno diámetro e ten máis de 30 anos de antigüidade, mentres que a de saneamento ten fugas e filtracións da rede de pluviais, polo que necesita ser substituída.

As actuacións previstas para renovar o colector xeral consistirán na colocación de máis de 2.000 metros de tubaxe de PVC así como o reforzo de varios treitos mediante formigón en masa. O proxecto inclúe, ao mesmo tempo, a renovación da rede de abastecemento na avenida Quiroga, coa instalación de 280 metros de tubaxe; e a mellora do saneamento e abastecemento entre as rúas Progreso e Emilia Pardo Bazán, coa colocación de 220 metros de tubo para cada rede, máis outro treito de 220 metros para a subministración de auga ás vivendas.

As obras completaranse coa colocación de 70 metros de tubaxe de saneamento e 83 metros de abastecemento entre as rúas Fernández Lorenzo e Doutor Vila, máis outro treito de 73 metros de abastecemento para a subministración ás vivendas.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financiará na súa totalidade esta actuación, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, que ten un prazo de execución de oito meses.



O GOBERNO GALEGO COLABORA NA ELABORACIÓN DE DOUS TRABALLOS DOCUMENTAIS SOBRE O MOVEMENTO SOCIAL E OBREIRO E A FOLGA XERAL DO NAVAL DO SÉCULO XX

- ***O Consello da Xunta aproba a concesión de dúas subvencións á Fundación Luís Tilve e á Fundación para o Estudo e Divulgación da Cuestión Social e Sindical de Galicia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a concesión de dúas axudas para a elaboración de dous traballos documentais de investigación sobre os movementos sociais e obreiros da primeira metade do século XX e sobre a reconversión naval de 1984 acontecida en Galicia.

Estas subvencións foron concedidas á fundación Luís Tilve e á Fundación para o Estudo e Divulgación da Cuestión Social e Sindical de Galicia por dispoñer e ser depositarias do arquivo histórico e documental, con información tanto escrita como gráfica, relativa aos sucesos acaecidos durante as folgas de 1984 e sobre a historia do movemento obreiro en Galicia.

Cómpre sinalar que a materialización do traballo sobre os movementos sociais e obreiros da primeira metade do século XX, que levará a cabo a Fundación Luís Tilve, cumprirá unha función de interese cultural e social dirixida á investigación e recuperación da historia do movemento obreiro en Galicia, así como da comprensión das súas circunstancias socioeconómicas. Así mesmo, coa súa posterior divulgación, representará unha nova fonte documental para o estudo plural de Galicia e, concretamente, para o estudo do mundo laboral e do movemento obreiro da comunidade galega.

O proxecto sobre o sucedido na reconversión naval de 1984 publicarase en formato libro e DVD e reflectirá as tres folgas xerais e a protesta dos traballadores sobre este fito histórico. Neste sentido, a través deste traballo darase a coñecer unha parte da historia dun sector considerado motor da modernización de Galicia e no que se cebou a crise dos anos setenta, dando lugar a unha reconversión.

En definitiva, a obra pretende mostrar o papel do movemento sindical na convocatoria da primeira folga xeral de Galicia e a etapa de respostas masivas da clase obreira á crise, que conseguiu a solidariedade dos traballadores do resto do país e doutros grupos sociais.

A Consellería de Traballo achegará un orzamento total que ascende aos 56.000 euros para a posta en marcha destes dous traballos de divulgación do mundo laboral da comunidade galega.

Neste exercicio tamén se concedeu unha axuda á Fundación 10 de Marzo para a elaboración dun libro co obxectivo de homenaxear a Manuel Amor Deus, que foi o primeiro secretario xeral de Comisións Obreiras de Galicia, militante comunista e líder obreiro do estaleiro de Bazán durante o franquismo. Esta entidade tamén publicará un



epistolario de Enriqueta Otero que recollerá varias cartas manuscritas desta muller, considerada a loitadora antifranquista de Lugo.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE OBRAS PÚBLICAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIÓS

- ***O parque contará cunha superficie total de 32.998 metros cadrados e situarase ao oeste do núcleo de Riós e a carón da estrada N-525***
- ***Para o desenvolvemento desta actuación, os proxectos elaborados pola Consellería de Vivenda prevén un orzamento total que ascende a 1,4 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o proxecto sectorial e o proxecto de obras públicas do parque empresarial de Riós, que contará cunha superficie de 32.998 metros cadrados.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras, instalacións e servizos previstos co desenvolvemento do parque empresarial de Riós, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación.

Unha vez aprobado definitivamente, a consellería entregará o proxecto sectorial e de obras públicas ao Concello de Riós, xa que é a Administración local a encargada do desenvolvemento do parque empresarial, toda vez que a Consellería de Vivenda e Solo xa concluíu o seu compromiso de elaborar e tramitar os documentos de planeamento ata a súa aprobación definitiva.

Características

Esta actuación en materia de solo empresarial desenvolverase ao oeste do núcleo de Riós e a carón da estrada N-525. Da superficie total do ámbito – 32.998 m² –, destinaranse 21.906 metros cadrados a uso empresarial distribuídos en 18 parcelas, 1.300 m² a equipamentos, 3.321 m² a zonas verdes, e o resto da superficie queda reservada para o sistema viario do parque.

Para o desenvolvemento do parque empresarial de Riós, os proxectos elaborados pola Consellería de Vivenda e Solo prevén un orzamento total que ascende a 1,4 millóns de euros.



O PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DO POUSADOIRO PASA A TER CARÁCTER SUPRAMUNICIPAL

- ***Esta actuación suporá a creación de 422.675 metros cadrados novos de solo empresarial na comarca do Salnés***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para o desenvolvemento da ampliación do parque empresarial do Pousadoiro sobre unha superficie total de 422.675 metros cadrados

A declaración de incidencia supramunicipal é un trámite necesario para poder desenvolver o proxecto, trámite que unha vez resolto permite á Consellería de Vivenda e Solo seguir avanzando na posta en marcha da nova ampliación do Pousadoiro.

A supramunicipalidade deste proxecto en materia de solo empresarial está xustificada por ser unha actuación que se desenvolve entre dous termos municipais, como son Vilagarcía de Arousa e Caldas de Reis. En concreto a ampliación do actual parque empresarial executarase en dous sectores separados pola estrada PO-305.

Ademais, o Consello da Xunta considerou de interese público e de utilidade social as instalacións previstas no proxecto sectorial, porque contribuirá ao desenvolvemento económico da Comarca do Salnés, e respectará a paisaxe rural do contorno, establecendo zonas verdes entre os núcleos próximos e as parcelas de implantación industrial.

Nese sentido, a nova ampliación do parque empresarial do Pousadoiro terá unha función estruturante no territorio, xa que servirá para ordenar e racionalizar os asentamentos industriais, favorecendo o cambio de situación dos asentamentos xa existentes nun espazo máis adecuado para o desenvolvemento de actividades económicas.

Na actualidade, o parque empresarial do pousadoiro ten unha superficie total de 210.749 metros cadrados, dos cales se destinan a uso industrial e comercial 121.547 metros cadrados cun total de 16 parcelas, todas elas vendidas. Unha vez acometida a ampliación, o parque empresarial do Pousadoiro disporá dunha superficie total de 633.424 metros cadrados de solo produtivo.



SANIDADE INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA IMPLANTACIÓN DE RADIOTERAPIA E HEMODINÁMICA NO COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, informou hoxe ao Consello da Xunta do inicio do expediente de implantación de radioterapia e hemodinamia no Complexo Hospitalario de Ourense por un importe total de 1.034.000 euros.

Estas obras permitirán á cidadanía ourensá dispor destes dous servizos sanitarios que ata agora están recibindo en Vigo. Cúmrese así un compromiso adquirido pola conselleira de Sanidade ante o Parlamento de Galicia.

O Programa Galego de Atención ao Infarto Agudo de Miocardio (Progaliám) pretende diminuír a mortalidade e mellorar a calidade de vida do paciente con Infarto Agudo de Miocardio, para o que é necesario instaurar o tratamento de reperusión mediante angioplastia primaria en sala de hemodinámica, sendo o tempo de traslado un factor clave.

Neste senso, cada ano aproximadamente 1.100 pacientes da provincia de Ourense se trasladan ás salas de hemodinámica de Vigo, dos que aproximadamente cen o fan con carácter urgente. Agora, esta medida do Goberno de Emilio Pérez Touriño permite ofrecerlle á cidadanía este servizo na súa propia provincia, evitando eses desprazamentos.

Por conseguinte, e para evitar a antedita situación, a Sanidade Pública galega licitou unha sala de hemodinámica de última xeración que vai permitir unha atención integrada aos pacientes, mellorando a cobertura provincial.

Os tempos de execución das obras son de cinco meses en base á especial dificultade técnica de instalación e enxeñería.